



XOFRE: 23 anos despois

Ou cando Miguelanxo Prado facía fanzines

B. D CULTURAGALEGA.ORG

En 1979 un grupo de tres rapaces deciden pór en marcha unha iniciativa innovadora no noso país: Facer unha publicación de banda deseñada contando cos seus propios e escasos medios. A pesar do fracaso daquel primeiro intento, a día de hoxe continúan traballando en diferentes eidos da ilustración e da novena arte. Se tes sorte e les isto, podes coñecer a súa historia.

XOFRE: 23 anos despois

Ou cando Miguelanxo Prado facía fanzines

Xerman Hermida

O 17 de maio de 1979 saía a rúa un curioso experimento de autoedición. Unha publicación de tamaño comic-book, grampada, cunha portada a dúas tintas na que se pode ver un guerreiro facendo garda. Na contraportada, unha envellecida Marilyn anúncianos un perfume coñecido coma "Cheirel nº5". No interior os traballos de tres debuxantes moi novos que editan o invento e dalgúns colaboradores. A temática fantástica, grandes doses de humor e unha abondosa crítica social (con especiais referencias ós problemas nucleares) enchoupan as páxinas. Miguel Ángel Prado, Xan Carlos López Domínguez e Fran Jaraba, todos eles roldando os 21 anos, iniciaban co "Xofre: Historieta galega" unhas carreiras que farían historia na banda deseñada e na ilustración.

O comezo

Todo comezou cando Xan López Domínguez e Fran Jaraba se coñeceron mentres o segundo vendía debuxos pola rúa no outono de 1978. A coincidencia de gustos sobre banda deseñada e un café foron suficientes para decidir botar a andar unha publicación pioneira na banda deseñada galega. Jaraba decidiu avisar a un excompañeiro de Arquitectura, Miguelanxo Prado, daquela na Coruña aínda a estudar e que compartía a afección pola novena arte.

Xa no propio texto de presentación da publicación explícanse as razóns polas que esta saíu á rúa nun intre no que a banda deseñada no noso país reducíase ós traballos que se publicaban na revista infantil "Vagalume". Segundo ese texto, "érase unha vez un grupo que amigos que tiñan, entre outras, a insana e incurable manía de dibuxar historietas" aos que lles deu "por non parar hasta que viran os seus garabatos en tinta de imprenta, co fin de mortificar cas súas paridas a meirande parte posible de xente" (humildade non lles faltaba). A presentación da revista non esquece un repaso das eternas cuestións que acompañan a calquera fanzine: a necesidade de cubrir a ausencia de publicacións de banda deseñada no país, de ónde sacar os cartos, ónde atopar colaboradores...

Os tres autores presentaron a revista coma "Publicación do colectivo Xofre", composto por eles mesmos, sen ningún recoñecemento legal e cuns estatutos e réxime interno acordados entre os debuxantes. O nome ocorréuselle a Fran Jaraba, lembrando a moda de títulos - "esotéricos", sinala Xan López Domínguez- que daquela tiñan as principais publicacións da época época ("Metal Hurlant", "Tótem"...). Ademais, soaba ben, e daquela non moita xente coñecía o seu significado.

O proceso

Para financiar un proxecto que a día de hoxe os seus promotores califican de "heroico", os intrépidos autoeditores decidiron facer pegatinas e vendelas.

Segundo sinala Fran Jaraba, "aínda deron cartos", e nos ámbitos estudiantís de Santiago empezou a falarse de cando saíra a revista. Aínda tardou.

Logo de reunir suficientes cartos para pagar a entrada da imprenta acordouse ir pagando o resto segundo se fose vendendo a publicación. Jaraba e López Domínguez decidiron que o 17 de maio, Día das Letras Galegas, sería o día da presentación pública. Sen embargo, a última hora, o dono da imprenta dixo que non daba tempo, e os dous autores pasaron unha noite grampando exemplares no propio local para cumprir os prazos.

Segundo sinala Fran Jaraba, "aínda deron cartos", e nos ámbitos estudiantís de Santiago empezou a falarse de cando saíra a revista. Aínda tardou.

Logo de reunir suficientes cartos para pagar a entrada da imprenta acordouse ir pagando o resto segundo se fose vendendo a publicación. Jaraba e López Domínguez decidiron que o 17 de maio, Día das Letras Galegas, sería o día da presentación pública.

Sen embargo, a última hora, o dono da imprenta dixo que non daba tempo, e os dous autores pasaron unha noite grampeando exemplares no propio local para cumprir os prazos.

Segundo sinala Fran Jaraba, "aínda deron cartos", e nos ámbitos estudiantís de Santiago empezou a falarse de cando saíría a revista. Aínda tardou.

Logo de reunir suficientes cartos para pagar a entrada da imprenta acordouse ir pagando o resto segundo se fose vendendo a publicación. Jaraba e López Domínguez decidiron que o 17 de maio, Día das Letras Galegas, sería o día da presentación pública. Sen embargo, a última hora, o dono da imprenta dixo que non daba tempo, e os dous autores pasaron unha noite grampeando exemplares no propio local para cumprir os prazos.

A tirada foi, segundo Xan López Domínguez, de mil cincocentos exemplares, dos que case a metade vendéronse na rúa o Día das Letras. Os demais fóronse vendendo en diferentes locais da cidade que obtíñan publicidade na revista a cambio.

De calquera xeito a repercusión do invento non foi moi grande, e mesmo recibiron críticas negativas desde algunha publicación nacionalista que os acusaba de "españoleiros e de imitadores do estilo francés" en lugar de continuar na liña dos pioneiros da banda deseñada galega. Segundo os propios editores, déronse pagado setenta das oitenta mil pesetas que custou a edición. Os editores coinciden en sinalar que as dez mil restantes danas por pagadas coa noite pasada a grampar na imprenta.

A imposibilidade de continuar o proxecto debeuse á disolución do colectivo Xofre. Fran Jaraba decidiu voltar á Coruña a continuar arquitectura xusto cando Miguelanxo Prado marchaba facer a mili e Xan López seguía en Compostela o que deixou sen contacto os tres autores para un hipotético segundo número da revista no que mesmo se pretendía pagar ós colaboradores

¿Primeiro fanzine ou segunda revista?

Antes de "Xofre" existira outro intento de publicación de banda deseñada no país. "A cova das choias" (1973) saíu co subtítulo de "Revista de cómic galego" e contaba co financiamento dunha sociedade de galegos emigrados en Suíza. Dado o seu carácter clandestino, carecía de calquera tipo de recoñecemento legal. A discusión sobre cal das dúas publicacións pode considerarse primeira revista e cal primeiro fanzine está aberta.

Seguindo a definición que achega Carlos Portela na entrada "Cómic" da "Gran Enciclopedia Gallega": "Enténdese por fanzines

publicacións non profesionais, na maioría dos casos realizadas por xente nova, con poucos recursos e de marcado matiz alternativo. Normalmente publicados baixo a fórmula da autoedición e sen afán de lucro, o obxectivo primordial dos fanzines adoita ser dar a coñecer os seus autores". Segundo el e outros estudiosos da banda deseñada do país, con "Xofre" estamos ante o primeiro fanzine realizado en Galicia. Contrariamente á maioría dos fanzines, "Xofre" foi realizado nunha imprenta, máis concretamente na Minerva de Compostela, e conta con Depósito Legal (C-271-1979) e I.S.B.N. (84-300-0883-7), o que o converte nunha publicación con todas as da lei.

Discusións aparte, non se pode negar o feito de atoparnos ante o primeiro traballo de autoedición de banda deseñada e tamén nun intento pioneiro de crear unha publicación dedicada exclusivamente á novena arte coma medio de expresión. A evolución posterior dos seus creadores danlle a esta publicación o rango de histórica na nosa banda deseñada.

As carreiras

Logo da fallida experiencia de "Xofre", ningún dos membros do colectivo cesou a súa actividade. A comezos dos oitenta xa vemos a Miguelanxo Prado realizando a serie «Os compañeiros» (A orde da pedra) para "La Voz de Galicia" compaxinando esta actividade coa seu traballo no "Zero Comics" de Barcelona. Pouco despois comezaría a publicar profesionalmente nas distintas revistas do grupo Toutain iniciando unha exitosa carreira xa por todos coñecida e coa que acadaría fama internacional. Unha fama que non o fixo esquecerse desa "lagoa en Galicia a nivel de publicacións deste tipo" que existía cando saíu "Xofre" e que continuou durante longos anos.

Así, Prado estivo apoiando todo tipo de iniciativas que se desenvolveron no país a prol da novena arte nos últimos vinte anos.

Desde realizar portadas para publicacións a encargarse en 1998 da dirección da fallida "Elipse", unha revista que ía ser semestral e que pretendía facer banda deseñada en galego con financiamento público. A pesar deste fracaso, Prado continuou o seu traballo no país encargándose da organización de "Viñetas desde o Atlántico" na Coruña ou facendo a postal que se regalou co número dous de "BD Banda" no 2001..Pola súa banda, Fran Jaraba e Xan López Domínguez fanse no mesmo 1979 co primeiro e segundo premio no certame de banda deseñada que organizou a asociación "O facho" (pioneiro no país). Foi na exposición correspondente a este certame cando contactou con eles a editorial Anaya, onde iniciarían a súa carreira na ilustración infantil e xuvenil.

Tres anos despois atopámoslos na exposición "Coordenadas" e no número especial que a revista do mesmo nome dedicou á banda deseñada. Tamén en 1982 Xan López Domínguez volta ó terreo da autoedición participando no fanzine "El patito feo" onda Dudi, Oti, e Cubero entre outros. Os dous autores voltan coincidir colaborando entre 1983 e 1984 na revista satírica "Can sen dono". A partir deste intre as carreiras de ámbolos debuxantes vanse centrando na ilustración para literatura infantil e xuvenil.

En 1988 Fran Jaraba volta á banda deseñada para facer "A volta a Galicia en corenta pontes e medio", un álbum financiado por Autopistas del Atlántico que conta cunha dobre edición en castelán e en galego. Un ano despois volta coincidir con Xan López Domínguez na obra colectiva "Cine e historieta galega", editada con ocasión da xornadas de cine Xociviga.

En 1990 publican senllos traballos no especial que "A Nosa Terra" dedicou á novena arte o Día das Letras baixo o título "A banda do 17" e coinciden na mostra que o colectivo cultural Xiria realizou en Cangas con motivo da I Semana de Banda Deseñada desta localidade.

No eido da ilustración Xan López Domínguez ten acadado recoñecementos internacionais coma o premio UNICEF, unha placa na bienal de ilustración de Bratislava, a inclusión na Lista de Honor do IBBY en 1992, o premio Malba Tahán da Fundação Nacional do Livro Infantil e Juvenil do Brasil en 1994 ou a honra de ser seleccionado para a Feira do Libro Infantil de Boloña en numerosas ocasións.

No ano 2000, e con ocasión da saída ó mercado do número seis de "Golfiño" debuxou "Escaqueo", un experimento narrativo no que se mesturaban a banda deseñada e ilustración sen unha secuencialidade narrativa aparente e con textos a pé de páxina. Na mesma liña publicou no 2001 a historia muda "Un paseo polo parque" no primeiro número de "BD Banda". Segundo el mesmo sinala, como o planificar páxinas fáiselle

aburrido, o que fai e debuxar esceas e ir probando diferentes combinacións das mesmas no computador. Na actualidade conta con máis de trescentos libros ilustrados editados en todo o mundo entre outros innumerables traballos

Pola súa banda, Fran Jaraba realizou tamén abondosos traballos de ilustración, compaxinándoos co seu traballo coma profesor e acadando diversos recoñecementos. En 1989 fíxose co premio "Curuxa gráfica" de Fene e en 1990 acadou o Premio Lazarillo do Ministerio de Cultura polo seu traballo nos "Contos por palabras" de Agustín Fernández Paz. No ano 2000 voltou á banda deseñada co álbum "Cita na Habana", editado por Xerais en galego e en castelán logo dun traballo de máis de dous anos. Tamén colaborou con "Golfiño" realizando varias ilustracións.

Colaboradores de "Xofre"

Un dos colaboradores de "Xofre", Ricardo Lázaro, tamén desenvolveu unha carreira na banda deseñada no noso país. Lázaro chegou a "Xofre" con vinteseis anos desde "Vagalume", onde realizaba a serie "As aventuras de Alistarco Polo". Segundo Fran Jaraba "daquela Ricardo Lázaro era Deus para nós, alguén que publicaba nunha revista." En 1982 coincide con Xan López Domínguez e Fran Jaraba na exposición e no álbum colectivo "Coordenadas". En 1989 participou en "Cine e historieta galega" e, ó igual que os seus compañeiros de "Xofre" aparece referenciado en "O cómic en Galicia", obra publicada pola Deputación da Coruña en 1993. En Xofre colaborou tamén outros dos habitantes da, segundo Fran Jaraba, "fauna curiosa" que andaba aqueles días por Compostela: Suto T. que tamén asinaba co pseudónimo de Alvarito antes de dedicarse plenamente á literatura e chegar a ser coñecido coma Suso de Toro. Curiosamente, Suso de Toro continuou realizando esporádicamente traballos de banda deseñada polo menos ata 1982, cando está rexistrada a súa participación na mostra e no álbum "Coordenadas".

Proxectos



Boceto de Miguelanxo para o libro sobre Belo Horizonte

Miguelanxo Prado

atópase actualmente, e logo dunha longa época sen facer banda deseñada, embarcado simultaneamente en varios proxectos.

Por unha banda está a encargarse da versión en banda deseñada da serie de animación "Os vixilantes do Camiño" que comezará a publicar en breve a revista "Golfiño" na súa nova época e a rematar a ilustración dunha obra sobre a cidade de Porto Alegre para o Colexio de Arquitectos de Galicia.

Ademais, atópase debuxando unha historia de vinte páxinas con guión de Neil Gaiman sobre un dos Eternos creados por este afamado guionista. Tamén está a traballar nun álbum con guión de Pierre Christin que verá a luz dentro da colección "Les correspondences" da editorial francesa Dargaud, e noutro máis totalmente feito por el que publicará a editora Albin Michel. Por se fose pouco, non abandona o proxecto de publicar o material co que ía saír o segundo número de "Elipse".

Por se fose pouco, non abandona o proxecto de recuperar o material co que ía saír o segundo número de "Elipse" un material polo que se pagou pero que nunca viu a luz máis que fragmentariamente noutras publicacións.



Un dos últimos traballos de López dominguez

Xan López Domínguez

continúa o seu labor coma ilustrador fundamentalmente para obras de literatura infantil e xuvenil, xénero no que está a explorar novos estilos. Ademais está a realizar a súa primeira experiencia profesional en animación realizando o guión e o deseño de personaxes para o episodio piloto dunha posible serie. Polo de agora non prevé novas incursións no mundo da banda deseñada pola escasa rendabilidade económica do xénero.



Un dos personaxes da segunda parte de "Cita na Habana"

Fran Jaraba

está actualmente a rematar de debuxar a segunda parte do seu álbum "Cita na Habana", que previsiblemente editará Xerais cara o 2004. A historia continúa as aventuras de Maxi Torres, e comeza cando é detido por desertor e vese ameazado co fusilamento. O autor promete máis acción e menos documentación para esta segunda entrega.

XOFRE: 23 anos depois

XOFRE

historieta galega





érase

unha vez un grupo de amigos que tiñan, entre outras, a insana e incurable manía de dibuxar historietas.

E, si aínda se estiveran na casa quetiños e caladiños, ahí remataría a cousa, pero resulta que diso nada, que aos tipos doulles por non parar hasta que viran os seus garabatos en tinta de imprenta, co fin de mortificar as suas paridas a meirande parte posible da xente.

E xa sabedes onde rematan istas cousas:

Que si hai unha lagoa en Galicia a nivel de publicacións deste tipo.

Que si por qué non botamos nós algo POLA NOSA CONTA.

Que si dónde sacámoslos cartos.

Que si ónde atopámola xente que colaboure.

Que si eu qué carallo sei...

Ben, o problema dos cartos resolvéuse (mais ou menos).

A xente que colabourase eixistía (e colabouraba).

Entón, puxémonos a traballar, e eiquí está o resultado.

XOFRE tenta encher un valeiro.

XOFRE tenta amosar que pode e debe haber unha historietista galega.

XOFRE berra: ESTAMOS EIQUI !!!

Iste é o primeiro paso. Os seguintes dependen de tí. ADIANTE.

COLEITIVO XOFRE

(xan carlos lópez, fran jaraba, miguel ángel prado)

estrelas invitadas: alvarito, maría barcala, anselmo lamela,


ricardo lázaro, loquis, suso t.

índice



1. PORTADA (miguel a. prado)	•• 32. miguel ángel prado
2. anselmo lamela	•• 33. fran jaraba
4. SPECIAL BRIGADE (fran jaraba)	•• 34. MADAME DELIA (fran jaraba)
7. A PETADURA DO ORBALLO (m.a.prado)	•• 37. xan carlos lópez
16. maría barcala	•• 38. loquis
17. O MATHA-GANS (ricardo lázaro)	•• 40. NOTAS DE SOCIEDADE (suso t.)
21. MANOLO PITA (alvarito)	•• 41. VIRGIN JUNGLE (fran jaraba)
22. BRUNHILDA (fran jaraba)	•• 42. anselmo lamela
24. CAMIÑO A COMPOSTELA (x.c.lópez)	•• 44. CONTRAPORTADA (fran jaraba)




"LEAVING TO FOSTERITY
'T WAS NOT THEIR INFIRMITY
IT WAS MARRIED CHASTITY"


SHAKELPEAKE



"SPECIAL BRIGADE"







a petadura do orballo

QUIÓN: ELIGENIA LÓPEZ MEIRAMA
DIBUXOS: MIGUELÁNGEL PRADO

OS OUTONOS EN GALICIA SEMPRE FORAN DUN XEITO SEMELLANTE; COMA AS POUILLAS DOS AILLOS CASTIÑEIROS QUE PENDURABAN CARRA AO CHAN SEDENTAS DE TERRA MOLLADA; COMA A ALIGA, GRISEIRA POLAS PEGADAS DOS BOIS; COMA OS PENEDEOS COBERTOS DA VERDE CARRIZA QUE OS ABRIGABA CUNHA CRASE DE ADOUGO TERNO E LEDO. E DUARTE CAMIÑABA EN OUTONO, PASENIAMENTE. NO SEU INTERIOR AQUELA INQUEDANTE DEMANDA ARELABA UNHA SOLUCIÓN. NAMENTRAS, CA SEÑARDADE DOS CASTIÑEIROS, DA ALIGA E DOS PENEDEOS, AGARDARIA CAMIÑANDO A PETADURA DO ORBALLO.



HAI MAIS DUNHA SEMÁN QUE ESTOU A CAMIÑAR NESTA ESCURA SAIDADE NO LOMBO DO MEU CABALO. A TERRA LAMACEIRA E A INCESANTE CHOIBA ESCURECEN OS MEUS OLLOS. ¡CÁSE PESA NA MIÑA IALMA A INCERTIDUME DESTE INFERNO!

MIGUELÁNGEL PRADO

SE ME DIN
VERDADE OS MEUS
CANSOS OLLOS TEREI
COMPANHIA NESTA
PARTE DA
VIAJE.



AO PAGAR O
EMPENEIRADO MONTE
EMERGAREDES, NAS CADEIRAS
DO VAL, UN MOSTEIRO AO
CARÓN DUN REGATO. OS
CREGOS LLE CHAMAN
DO CAABEIRO.

¡BIEITO
ENCONTRO!
TAMÉN EU VOU
PARA ALÁ.



¡SAÚDE, BON
FRADE! MOITA
CHOIBA PARA
CAMINHAR, ¿VÓU?

TÁL É
CABALEIRO
¡MAS CANDO A
TRIGANZA
PREME...!



¿É NA
PERCURA DE
QUÉ VADES?

AGORA TEÑO
POR BEN CONTAR-LE
A VOSTEDE A MIÑA
HISTÓRIA. ¡CICAIS DISTE
XEITO LEVAREI DE
MIN AS TEBRAS DISTA
NO TTE QUE CIMXE
AO MEU
REDOR!



¿E CALÉ
O CAMIÑO
QUE SEGUIRES



HAI, CASEQUE, UN ANO,
ESTIVEN A CAZAR NOS
BOSQUES DOS ANCARES.
UN DIA, XA AO SOLPOR,
OLLEI AUN LAMEIRO UN
LANZAL XABARÍN.
COMPRIA-ME DANQUERI-LO,
E AINDA QUE SE AGOCHARA
NUNHA GRAN SILVEIRA
CENTREI O MEU ANCEIO
EN PERSEGUI-LO.



MICHAEL ANGEL TRADID

A MIÑA CUBIZA PERCORREU MÁIS ALÁ DA MIÑA RAZÓN, E O MEU CABALO CAEU NUN GARRINCO. POIDA CA CAIDA NON FOSE FATAL, MAIS CÁSEQUE TODOS OS MEUS COMPAÑEIRÓS ME DERON POR MORTO.




ATENDERON-ME NUNHA CASA DAQUELES LUGARES, E OS BOS MONTANESES FIXERON O MIRAGRE DE DEVOLVER-ME A SAÚDE QUE SE ME FORA.

SEMPRE LEMBRAREI A FAZ DAQUEL BON HOME CANDO, AO QUERER AGRADECER-LLE O SEU FAVOR, ME PREGARA UN SOLO ANXEIO: EU, COMO NOBRE, TIÑA A POSIBILIDADE DE DEVOLVER-LLE A SUA FILLA.

ISTA FORA TOMADA POR UNS HOMES. GUSTARALLE A RAPARIGA E, SEN ATENDER AOS PLANTOS DOS PAIS, A LEVARON, DEIXANDO A CÁMBIO UN MEDALLÓN.

PUDEN OLLAR A ALFAMA, E PARA O MEU ABRAIAMENTO RESULTOU SER IDENTICO A OUTRO QUE EU TIÑA, E QUE, ESTIVERA NA MIÑA FAMILIA, PASANDO DE XENERACIÓN EN XENERACIÓN.



AQUEL SUCEDO DEIXOU EN MIN UNHA PROFUNDA INQUETUDE. O SONO E A REALIDADE MESTURABAN-SE NAQUELA HISTORIA. CÁ DENDE ENTÓN VIVO NUN ESCURO PESADELO. ISO QUE AINDA NON TEÑO CUMPRIDA A MIÑA PROMESA, UN INCESANTE PULO POR LEVA-LA A CABO, VEN ACOMPAÑANDO-ME NESTE JERRADEIRO ANO.

" E ASI É, QUE DENDE HAI LINHA SEMÁN ESTOU A PERCORRER FOLÓS MONTES E VIEIROS. SENTO-ME SOLO. NEN SEQUERA A MIÑA MULLER COMPRENDE O MEU ANXEIO EN CONQUERIR UNHA RESPONSTA. MAIS UNHA FORZA ME EMPURRA... "

" A MIÑA VIDA FOI SEMPRE MOI MAINA E LEDA. A MIÑA ANGLEIRA E A MIÑA MULLER COMPRAN-ME PARA ENCHERME DE PAZ. TODO ERA TRANQUILIDADE NO MEU MUNDO DEICÁ ISTA NOVA SITUACIÓN. "

" E, A VOSTEDE, FRADE, ¿QUE VOS LEVA A CAABEIRO? "



O MEU É MOITO MAIS SINXELO.

" O MEU MOSTEIRO E ISTE SON OS ÚNICOS DA MIÑA ORDE QUE SE ERGUEN POR ISTAS CÔMARAS. SEMPRE SOUPEMOS DOS NÓSOS IRMANS, MAIS HAI MOITO TEMPO QUE NON TEMAS NOVAS DELES. O NOSO SUPERIOR MANDOLÍME A MÍN PARA SABER O QUE LIES TEN OCURRIDO. FALA-SE DUN DESCOÑECIDO CABALEIRO... QUIZAVES... "



A NOITE FECHABA CA ESCURIDADE AS PARAXES. O VENTO, QUE ASUBIABA FORTE, ESCORABA E ARFADABA AS TOLCEIRAS E AS ARBRES. OS CUMIOS DOS MONTES XA NON SE VIAN, E O VAL TODO AFONDABA-SE NAS TEBRAS.

TEMO POR NOS. COIDO QUE É MILLOR NON ENTRAR.

TEÑO PENSAO O MESMO. ESTOU SOBRECOLLETO. ISTE LUGAR SEMELLA FOGAR DE MEIGAS.



MICHAEL PRADO






¡NON
TODO SEGUIR
AGARDANDO SEMPRE!
¡TEÑO QUE ATOUPEAR
UNHA RESPÓSTA!



FUXIDE
SE AOTRASAR
UNHA HORA NON
VOLIASE. AGORA
ENTRAREI.



APAGAREI
O LLIME E
AGARDAREI-VOS
NA TORZA DO
MOSTEIRO.



¡TODO AMOSA-SE TAN
SENILLEIRO! ¡O LUAR
FARTOUSE DE MEDO E
FUXI! TODO É TEBRA
E SAUDADE. ¡O MELI
DESTINO MERGULLOU-ME
NESTE TÊMERO LUGAR!

¡ALÍ OLLO UNHA LUZ!



¿EH?
¿QUÉN SODES?
¿NA PERCURA
DE QUÉN
VADES?

¡SE
TEDES UNHA
MEDALLA COMO
ISTA SODES VÓS
A PERSOXA QUE
PROCLIRO!



MIGUELÁNGEL PRADO



¡O INTRE AGARDADO XA CHEGOLI A MIN! ¡BÉN, CUMPLIDE O VOSO DEBER!

LEVAR-ME UNHA MOZA QUE UN DIA TOLIBASTEDES AOS SEUS PAIS É O UNICO QUE HEI DE FACER.

¿ISA É A ESCUSANZA QUE ME DADES? O DESTINO FOI MENTIRASO CONVOSCO, MAIS, SEGUIREI A COMEDIA.

NON VEKO ATISBO ALGÚN DE COMEDIA OU DE MENTIRA NESTE ASUNTO. ¡ESPLICADE-MO!



" HAI MOTTOS MÁIS ANOS DOS QUE EU LEMBRO, ACHEI UN PODER SOBRENHUMAN, QUE ME DOU MOTTAS VENTAXAS E POLICAS OBRIGAS. "



" VOSTEDE QUIZAVES CREADES NUN DEUS; EU TEÑO... OUTRO AMO, CUNS INTERESES OPOSTOS. HAI TEMPO XA, ABALLOADOS DOUTROS FOGARES, VIDOS DE MOI LONXE, ATROUPAMOS ISTE LLGAR E TOMAMO-LO PARA O MEU SEÑOR. DESFIXEMOSNOS DOS FRADES, E AGORA NINGUÉN PODERÁ OPOR-SE A OS MEUS ANCEIOS... ¡AGÁS A PERSOA QUE LEVE ISE MEDALLÓN XEMELO AO MEU! "



¿POR MIN? MAIS SI EU...



¡ACEPTADE A VOSA ENCOMENDA! ELIXERON-VOS PARA LEVA-LA A CABO.

MIGUELÁNGEL PRADO



AGUI TEDES A RAPA RIGA. COMA VEDES AS CURAMOS BÉN, OS MEUS HOMES SENTIRIAN MOTA SEÑARDADE SEN ELAS.



E A VOSA VIDA SERA, NO ARBOR, UN OFFRECEMENTO PELA ETERNIDADE DO MEU PODER. MAIS, AGORA...



¡¡PECHADE-OS!!



TEDES
O CORPO CHEO
DE MEDO...
¡TOMADE A
MIÑA CAPA!



¡UNHA
FIESTRA! O
FRADE TEU QUE
ESTAR FORA.



¿IRMÁN?
¡SON DUARTE!
TRAEDS A MINA
ESPADA!

¡DUARTE!
¿QUE FACEDES
AHI?



AGORA
NON É TEMPO
DE CONTAR-
VO-LO.

BEN...
¡TOMADE!



NADA
SABEN DE
VOSTEDE. AGORA
AGARDADE-ME
UN RATO...



CONFIO
SAIR... ¡EH,
FILLO DE FERRA!
¡ABRE A PORTA O
A ESCACHAREI A
EMPURRAZOS!



¡MALDITO
TOLD! ¡TEREI
QUE CALAR-TE A
CANTAZOS DURHA
VEGADA!



XA VEN PARA AQUI. ABRIRA,...
E CUN MOVEMENTO SOAMENTES
REMATAREI A VIDA DUN HOME.



MIGUELÁNGEL PRADO




¡XA VEDES QUE ASUMÍN O MEU PAPEL E CONQUERI DEIXAR A CÁRCE ONDE VOS ME ENDERRACHEBES!



MIGUELÁNGEL TRAPIER

¡ANOS E ANOS AGARDANDO UN HOME QUE ESTRAGASE O MEU PODER, E AGORA NON VEXO DIANTE DE MÍN MAIS QUE UN PUCHIÑO MEDOÑENTO!



UNHA LEMBRANZA ENCHEU NUN SEGUNDO A MENTE DE DUARTE. UNHA LEMBRANZA QUE LLE DABA FORZA PARA SOBARDER O MEDO E A PAVURA.



COMPRIA-LLE VIVIR. DE SÚPETO O SORRIDENTE HOME ARREDOUSE. ¡AGORA O ENDEXAMAS!



E DESPOIS... NADA.



NO HORIZONTE O SOL AGARDABA ARDEOSO
SER OUTRA VEZ O DONO DO CÉO. COMENZABA
A TRATEAR. OÍA-SE A CANTAREIRA XERGA DE
AUGA DA ESCUMOSA TRUXIDOTRA. OS LAMEIROS
ASOLAGABAN-SE DE LUZ. POLO VIEIRO
SENTIA-SE O TRESCENDENTE PERFUME DAS FRORES.
AO OLLAR O QUENILLE DAQUEL TREGATO
DUARTE COMPRENDEU QUE TODO VOLTARIA
A SER CÔMA DECOTE FORÁ. PERO NUN
CURRUNCHIÑO DA SUA IALMA SENTIA QUE XA
NON HABERÍA ACOUGO PARA EL :
LEMBRARIA SEMPRE.
AQUELO NON FORA AGARDADO NEN
ANXEIADO POR EL. PERO SOUBO QUE
TAMPOCO AS ARBRES NO OUTONO
AGARDARAN NEN ANXEIARAN
A PETADURA DO ORBALLO.

MICHAEL PRADOZ





ŢE SI DEKASE DE FITARME COISA CARA DE PAPAV E PASARA Ȧ SEQUINTE PAXINA Ȣ

NON HAI DE QUÉ

Maria B.



O MATHA-CANS





!... E LDOGO VEN O GUMERSINDO PRA FIZERCHE A PUNETA...! IHALE! O BRILANTE E MEU...! E D'ACORDO?



!! GUMER...

...SINDO??

IACERTACHES RAPAZ! IAH! TES A PISTOLA COMO PREMIO! I TDTAL, NON ESTA CARGADA!



!?

?!

!

I PRO QUE RAI O DE...!

I... VINETAS SON ESSES



I CACHOLINO, CACHOLINO! VEN PRA CA QUE A TI NINGUENHE DAU LICENCIA PRA MEIER -TE NESTA HISIO-RIETA!



IHE, HE, HE! IESO E O QUE TI DIS! I PERO XA QUE ESTOU EIQUI, EU SIGO!



I HA, HA, HA! I TI NON SABES QUE ESTE DIBUXANTE CASE NUNCA TEN UN CENTINO PRA MERCAR TINTA EN CONDIÇOS! I FIXATE COMO RACHAN ESTAS VIAGETAS! I O MALO PRA TI E QUE SENDO TAN ESTREITAS NON PODES PASAR COMA EU ATRAVESO DELAS!



I OU SEXA QUE...!

I... ESTE BRILANTE...!

I... É SOLO...!



I PRA HIIIIIIII!



¡CRANK!




I... QUE...!

I RACHAN...!

I... DE ESSE XEITO! I AY!





MANOLO PITA


(NETO DE MARIA PITA)

defende as costas galegas do invasor.
¡Animo Manolo!
¡Dalle!


JELOU BOI

BOI TEU PAI
¿E QUE CARALLO
TIRAS AHI?

¿SEICA SON
PORCALADAS?
¿EH?



RESIDUOS
NUCLEARES



GUDBAIBEIBI

NAM
NAM

DEIXA
PRA MIN

E A VER SE
DEPRENDEMOS A
ESPIKININGLIS,
PASPAN.

DEIXA
QUE XA...

PREA



¡EI YAI!

IGUALICO,
IGUALICO
QUE
A
DEPU
TE
DA
AGÜELICA

¡VIVA
MANOLO!

MAÍS QUE
NÓS,
NIN DIÓS

¡ANIMAAA!

¿CANTÁNDOLO
KIMNO?



ALVARITO



DOMINANDO O VAL DO RIO ALVEDOSA
 ERGUESE O PEQUENO E MISTERIOSO PAZO DE

A Bruxaria



MMM... FUME.....
 FUME SABOROSO E QUENTE


ALUMINA A MINHA GORXA CA TUA LIXEIRA
 E LIDA MAN... MMM.....
 FUME QUENTE E RECENDENTE.....

FRAN
 79

AS MAIS AVERGAS MUSICAS FASME
 VIBRAR NO VENTRE... MMM.....

RESOAN DOCES MELODIAS DAQUELES TEMPOS EN QUE O MUNDO ERA NIDO, ¿ LEMBRASTE,


SATAN? AAAAAAH... UN FATO DE
 BRUXAS E BRUXAS RENDINZOTE
 CULTO DESENTREADO, JA, JA...



PODO ESCITAR AS SUAS VOZES
 FERVENTES....

...O RITMO QUE O TEU
 CORPO IMPON...

... A MÚSICA SIN PAR DAQUELAS
 ORXIÁS IRREPETIBEIS






¿LOGRARÁ BRUNHILDA CONSUMAR OS SEUS LUXURIOSOS ANCEIOS? NON SE PERDA O PRÓXIMO XOFRE... TACHAAAAAANN

CAMINO A COMPOSTELA

GUION E DIBUXOS *Xu Cabalapa*

NOS TEMPOS EN QUE AS PELEGRINACIÓNS A COMPOSTELA ERAN UN FEITO COTIÁN, UN FATO DE CEGOS REUNÍUSE PRA VISITALO SANTO SARTEGO.

AMODIÑO OOOOOOOOOOOOOOOOO



LEVABAN COELES UN LAZARILLO QUE XA LLES TIÑA DADO VARIOS DISGUSTOS



DE PRONTO

¿QUÉ TES, RAFAZ?



¿PRO TI NON QUERÍAS VELO SARTEGO DO APOSTOL?

NON QUERO SEGUIR. ESTOU CONSADO DE LEVAR CEGOS TODA A MIÑA VIDA



A PUÑETA CON TODO

¡QUETO!



!!! NON TE
VAIAS !!!



XA ESTABAN DISPOSTOS
A DALA VOLTA ...



...CANDO UN
DIXO...

ACHEGUÉMONOS A
UNHA POUSADA DO
CAMIÑO E PERGUN-
TEMOS SI ALGUÉN
AOS LEVA A
COMPOSTELA



DOUS DÍAS
DESPOIS ...

VOU FALAR AGORA
QUE PAREZ QUE
HAI XENTE ...



PIRU
PIRU
PIRU
PIRU
PIRU
PIRU
PIRU
PIRU

EJEM... POLA CARIDADE DE CRISTO,
A ALGUÉN QUE VAIA A COMPOS-
TELA ¿NON LLE IMPORTARÍA
LEVAR TRES PROBES
CEGOS ?




PIRU PIR...

EXCELENCIAS ... GOSTARÍA-
ME SERVIRLES EN TAN
GRANDE FIN...



ADEMAIS, EXCELENCIAS, POR SER
CEGOS COBRAD-
REILLES NOI
POUCO



¿COMO? ¿QUE COBRAS,
CABRÓN? ... E A CA-
RIDADE, ¿QUE?



¿QUE CARIDADE NIN
QUE CAROLLO? ...
EU TEÑO QUE VIVIR
DE ALGO... !!!



PAF



TRANQUILOS, EXCE-
LENCIAS, LEVAREI-
LES GRATIS



COBRAR NON VOS
COBRAREI, PRO
HEIME RIR BEN
DE VOS



Así, OS PELENGRINS
CONTINUARON O
SEU CAMIÑAR,
LEVADOS POR
UNS MOVO
LIZARILLO...



ASÍ FORON PASANDO AS FAISAXES...




OS DÍAS ---



... E AS XENTES. ?

FINALMENTE,
MESES DES-
POIS CHE
GAN A...

... Compostela



!!! OOOOH, TEEEMPLO DO APOOOSTOL !!
?



... E DE MOITAS MAIS FALCATRIAS REUMIRONSE NUNHA PRAZA.

BEN, XÁ VAI SENDO
TEMPO DE VOLTAR



¿D'ONDE SADES VÓS?
SI ME COE BEN,
VÓS LEVO

NON AGARDABA
MENCOS DE TÍ.
EU SON DE
FOUCELOS



EU SON DE
BONXEIRA
E O OUTRO
DE GOHEANS




BEN, PÓS
ADIANTE

ASÍ, ESCOMENZARON A VOLTA ...

GRAC
GRAC

AGORA IREMOS MÁIS
RÁPIDO PÓLOS ATALLOS



... E FORON CAMIÑANDO
DÍA TRAS DÍA ...

GRAC
GRAC



... PRO NON SE MOVÍAN
DO SITIO. SEM PRE ADM-
POBAN NO MESMO LUGAR.



SUBIAN AS MESMAS MONTANIAS, E LOGO BAIXABANNAS
DE NOVO, DANDO VOLTAS CONTINUAMENTE
ARREDOR DUN PUNTO



DUAS SEMÁNS DESPOIS...

FOUCELOS



AMIGOOOS




JAJA JA





PASADAS DUAS SEMANS, O FAUTISTA VOLTABA
LEDO DO SEU LAR, CANDO...



¡HAS PAGAR AS
QUE FIXECHES!



PASADAS AS
HORAS VOLVEU
EN SÍ

HABIANLLE
ARRINGADO
OS OLLOS

IMPOTENTE, QUE-
DOUSE QUETO DGA-
R-
DANDO POR ALGUÉN
QUE PASARA



DE SÚPETO, OUVIU
ONS PASOS

CRAC
CRAC

CRAC
CRAC

QUEN ESTA
AHÍ, QUE
FALE
POLO
AMOR
DE
CRISTO

PRO...¿QUÉ
FAI UN GALE-
GO TAN LON-
XE DA SUA
TERRA?





MICHELANGELO PRADOR

ISTE E XAN PIÑEIRO E A SUA FAMILIA EN 1979



NON HBI LONXE DO CONCELLO ONDE VIVE XAN PIÑEIRO
ESTAN A CONSTRUIR UNHA CENTRAL NUCLEAR

SYLVANIA
CAPE DE RADIATIV
ORLACION EVACU



esperamos que este accidente
a para estudar las causas
mpisr más a fondo los me
leccionar los mecanismos de
los sistemas de segurid
necundible punto de ener

CASO N° 32.562

ISTE E XAN PIÑEIRO E A SUA FAMILIA EN 1983



ACCIDENTE EN LUG
APE DE RADIATIV
SONAS AFECTADA


causas del escape ra
omision de expertos p
a fondo lo sistem
ecanismo de segurid
nergia impresion


FRAN

CURTIDOIRAS 29



A PRIMEIRA OLLADA, UN PORTAL CALQUEIRA.
POUCOS SABEMOS QUE DENTRO VIVE MADAME DELIA.
MADAME DELIA E UN DISES PERSOAXES QUE CHE FAN PENSAR QUE CERTAS
MULLERES CONSTITUIEN UMHA ESPECIE DIFERENTE E INSÓLITA.
HAI ALGÚN TEMPO, MENTRAS DEGUSTA'BAHOS UN QUENTÍSIMO TÉ CON
LEITE DE SGLOURGH, HARRABANE A CURIOSA VISITA DO DÍA ANTERIOR.





VERA', HADAME DELIA, NON PODO CALAR MAIS
TEMPO. ESTOU TOLO POR VOSTEDE DENDE
HAI MAIS DE VINTE ANOS. QUÉROME CA-
SAR CON VOSTEDE. SÍ, XA SEI QUE PENSA-
RA' QUE CHOCHEDO UN PROBE VELLO COMO
EU FALANDO DISTAS COUSAS. PRO NON
TEN VOSTEDE DEREITO A RIRSE DE MÍN.

CONSECUENCIAS... XA SABE QUE
EN CALQUER MOMENTO PODO-
LLE PECHALO NEGOCIO E ACU-
SARILLE DE BRUXERÍA E COLTISMO

BOENO, POIS ESO...
ASI QUE XA SABE,
NON SE PODE XOSAR
COA AUTORIDA'

OCULTISMO

EU BEN SEI QUE VOS-
TEDE ME QUERRÍA SÍ
AÍDO FORA TAN VELLO



SEICA ME ESTÁ PEDIN-
DO UN SACO ATRAS NO
TEMPO ¿NON SÍ?

ISO E... SI A MINHA EDA' FORA
OUTRA, PODERÍANOS CASAR...



BEU, NON SE
PREOCUPE, OS
SACTOS ATO TEM-
PO SON A MINHA
ESPECIALIDADE

FICA CALADO E NON DIGAS MEMECES
APAREZ AXIRIA NA EDA' QUE MERECE




RELAXESE E
CONCÉNTRESE
NO CONXURO





POR TÓDOLOS TRASGOS, EN BOA HORA
LIBREIHE DE SEMELLANTE PELMA...



SI, CADA DÍA CON-
VÉNROME MAIS DE QUE MADAME DELIA
E UN PERSOAXE SINGULAR.

E UNHA SORTE TELA POR AHIGA.


FRAN 79

A RAINHA DO PAIS DA PANTASIA
QUEDEUSE PREÑADA LOGO DE 40 ANOS
DE MATRIMONIO

Don Carlos Lopez



GRAN PREOCUPACION HUBIA NO REIADO. ¿COMO SERIA O FRUTO DAQUELA RAINHA TAN VELLA?




OS DIAS QUE SEGUIRON AO EMBARAZO FORON TREMENDAMENTE LENTOS.

PASADOS OS MESES,
NACEU O FILLO:

UN PRECIOSO CACAHUETE



¿UN CACAHUETE?









OS ANOS PASARON. OS REISES MORRERON. FINALMENTE, CACAHUETE I "EL MANISERO" SUBIU AO TRONO.

CO TEMPO OS REISES ASIMILARON QUE TAN RARA FORMA ERA O SEU FILLO VOLVENDO A VIDA COTIAN DO SEU PAZO





NUNCA O PAIS DA PANTASIA FOI TAN FELIZ COMO NO SEU REINADO

FIN






Loguiz




NOTAS de SOCIEDADE




HOXE E NOTICIA NA VILA O NOSO CONCIDADAN CHUCHIÑO LIÑARES,
QUE APROBOU AS PROBAS DE INGRESO NA GARDA REAL DO IMPERIO
SERODIO. PRESTARA SERVICIOS NA SECCION DE PERSECUCION DE
LINGUAS INFERIORES. VELEIQUI CA SUA MOZA JACQUELIÑE PACHO-
CHIÑA. NORABOA, CHUCHIÑO, ERES O ORGULLO DA CIDADE.

VIRGIN JUNGLE





"XOFRE" poderalo atopar en :



santiago de chile, 25. apartado 427
santiago de compostela

VACALOURA

La Rosa, 20-Teléf. 598500
SANTIAGO DE COMPOSTELA

librería 
abraxas

Montero Rios, 50
Teléfono 593655
SANTIAGO

LIBRERIA:
Montero Rios, 37

EDITORIAL:
Rosalla de Castro, 41

Tif. 59 44 06
APARTADO 1004
SANTIAGO DE COMPOSTELA

OLLAS

OVAS

LIBRERIA
SEGREL
P. Universidade, 3
Teléfono 58 30 19
SANTIAGO

*Esta publicidade é gratuita, sen outra contrapartida
que a venta desinteresada de "Xofre" nos citados
establecimentos*

She says

DO
LIKE
ME

Smelling
Flavour



FRAN